

Festa da literatura galega

A Asociación de Escritores en Lingua Galega entregou onte os seus galardóns

04-05-2013 22:00

Tania Suárez A Coruña

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) premiou onte ás mellores obras editadas en 2012 nunha gala celebrada no auditorio do Centro Ágora. Morgana en Esmelle, de Begoña Caamaño, recibiu o premio de Narrativa; Onde o mundo se chama Celso Emilio Ferreiro, de Ramón Nicolás, de Ensaio; e O corazón de Xúpiter, de Ledicia Costas, de Literatura Infanto-Xuvenil.

Ramón Nicolás tamén foi recoñecido polo seu blog literario, e Ana Romaní recolleu o galardón dedicado ao xornalismo cultural. O premio de Teatro recaeu en Banqueiros; e os de Poesía, en Boca da cobra, de Francisco Salinas

Portugal, e Os ángulos da brasa, de Manuel Álvarez Torneiro. Darío Xohán Cabana foi recoñecido pola súa tradución de Cancioneiro, seguido dás rimas dispersas, de Petrarca.

A Asamblea de Socios da AELG tamén premiou a Manuela Cortizo Medal e Anxo Rivas Veiga co galardón de nova creación Mestres e Mestras da Memoria, que ten como obxectivo destacar a dedicación exemplar á transmisión oral de saberes e valores da cultura popular tradicional. O premio Institucións, que se concede a quen contribuíse á divulgación da lingua e cultura galega, foi para o asociacionismo cultural representado por aquellas entidades que, nacidas nas décadas dos 60 e 70, ainda manteñen a súa vitalidade e activismo cultural.

O Premio AELG 2013 Escritora Galega Universal, foi otorgado á escritora Lídia Jorge. O galardón a distingue como autora que combina a excelencia literaria co compromiso ético. No transcurso da gala a asociación tamén entregou aos humoristas gráficos Siro López, Siro; Xosé Lois González, O Carrabouxo; Xosé Ángel Rodríguez, Gogue; Xosé Carreiro, Pepe Carreiro; e Xaquín Bieito, Xaquín Marín, a distinción Bos e Xenerosos.



Un dos momentos da gala de onte. / 13fotos